



# Boletín Informativo do Concello do Rosal

Marzo — Abril 2017



Con motivo do **Día Internacional da Muller**

o concello do Rosal organiza

varios actos conmemorativos que terán lugar o

**SÁBADO 11 DE MARZO**

Ás 12.00 h no Salón de Exposicións do Concello do Rosal

terá lugar a inauguración da exposición de fotografías

antigas **MULLERES NA HISTORIA**



Ese mesmo día ás 20.00 h no Auditorio Municipal do

Concello do Rosal terá lugar a proxección de

**CINEMA E MULLER**, coa estrea da película

“Visións. Creadoras de cinema: Pontevedra”

Película colaborativa elaborada por dez creadoras galegas

con temática e enfoque de xénero, que a Deputación de

Pontevedra puxo en marcha co fin de visibilizar o cinema



Un ano máis o concello do Rosal, no seu empeño na loita

contra a desigualdade por razón de xénero, invirte os seus

esforzos na xente nova.

A educación está na base, polo que xunto con estes actos

se levou a cabo o obradoiro de xénero e a exposición

“**CARTAS DE AMOR**” no CPI Manuel Suárez Marquier.

Gloria Serrato especialista en cuestión de xénero foi a



**Organiza Concellería de**

- \* O IMSERSO ,CONVOCA PRAZAS PARA **BALNEARIOS** PARA OS MESES DE SETEMBRO A DECEMBRO AMBOS INCLUSIVE. O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES É DENDE O 1 ATA O 10 DE MAIO.
- \* ESTADE PENDENTES AS **PERSOAS QUE NUNCA FORON ÁS EXCURSIÓNS DO IMSERSO** QUE SAIRÁN EN BREVE E TEDES QUE FACER A SOLICITUDE.
- \* **AXUDA DA PRESTACIÓN POR FILLO MENOR A CARGO DE 3 ANOS** . SAIRÁ EN CALQUERA MOMENTO, ESTADE PENDENTES.
- \* **TARXETA BENVIDA** , PARA OS NADOS NO ANO 2017. A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES SERÁ DE DOUS MESES CONTADOS DENDE O DIA SEGUINTE A AQUEL EN QUE SE PRODUCE O NACEMENTO.

PARA MÁIS INFORMACIÓN SOBRE CALQUERA DESTES TEMAS DIRÍXANSE

A TRABALLADORA SOCIAL OS MARTES, MÉRCORES OU XOVES.

## Servizo de Información Xuvenil e ASC

### INFORMACION SOBRE ESO, BACHARELATO, PROBAS ACCESO, ETC.

Se precisas información sobre a **obtención do graduado en ESO** por libre, **Bacharelato** a distancia ou por libre, **probas de acceso a ciclos** de grao medio ou superior e proba de **acceso á universidade** para maiores de 25 anos, achégate o noso servizo.

Prazos de matrícula ABERTOS:

**PROBA DA ESO:** Xuño: do 13 ao 24 de marzo de 2017, ambos os dous incluídos.

**PROBAS DE ACCESO A CICLOS DE GRAO MEDIO;** Do 13 ó 23 de marzo

**PROBA BACHAREL PARA MAIORES DE 20 ANOS;** Ata o 10 de marzo

### CURSOS DE INFORMÁTICA (alfabetización e informática básica)

Estamos observando que aínda queda moita xente que non sabe manexar o ordenador. Se é o teu caso pasa polo concello. O curso realizase os mércores e venres de 10.00 a 11.30 horas. Prezo 12€/curso. (10horas).

### CURSO DE MAQUILLAXE

¿Queres aprender a maquillarte pero non sabes cómo facelo? Este curso abranguerá os seguintes contidos: aprenderán a coñecer o seu rostro, sacarlle partido os seus rasgos, disimular as imperfeccións, etc. Realizarán correccións, utilizarán maquillaxe, polvos, colorete, delineación de beizos e ollos, trucos para corrixir, aumentar, disminuir, etc. Prezo: 20€ persoa un sábado de 18.00 a 21.00

Como consecuencia da elevada demanda de cursos de cociña no Rosal, informámosvos que xa fixemos en xaneiro e febreiro cursos panadería, bolería e o curso verde de inverno. **En marzo comezamos os curso que vos indico abaixo:**

**PANADERÍA E BOLERÍA 1.– Os venres de 19.00 a 22.00.** Contidos: Rosca de xema, bica, pan de millo, pan de sementes, focaccia, pizza, ensaimadas, bretzls, etc. (Entrade no Facebook Omix do Rosal e alí podedes ver as cousas que xa se fixeron).

**PANADERÍA E BOLERÍA 2.– Os luns de 19.00 a 22.00.** Contidos: Pan de molde, pan de cabaza, pan de remolacha, pan de espelta, pan galego, empanada de millo, chapata, masas de bolería, brioche, masa savaria, ...etc.

Os cursos teñen unha duración total de 15h. Prezo 35€/curso material incluído.

Recollemos inscricións tamén para **REPOSTERÍA**, **MONTAXE de TARTAS** e **CURSO DE COCIÑA VERDE** con recetas máis frescas fomentando a utilización dos vexetais na cociña e **CONSERVAS** en dulces e salado.

Pasa polo Concello e anótate para que te chamemos en canto formemos grupos.

### CURSOS DE MANUALIDADES E RESTAURACIÓN

Curso que versará fundamentalmente na **restauración** de mobles, tapizado, obxectos de ferro antigos (planchas, máquinas de coser...), figuras, etc. e en **manualidades** utilizando diferentes técnicas de pintura en obxectos e tecidos, envellecemento de mobles, etc. Realízase os martes de 19.00 a 21.00. Prezo 15€/mes

### VACANTES CURSO DE PINTURA NENOS E ADULTOS

Levamos anos realizando a actividade anual de PINTURA utilizando diferentes técnicas como acuarela, acrílico, óleo, carboncillo, etc. Temos prazas vacantes os xoves pola tarde. Se estás interesado pasa polo Concello e informámoste. Prezo por alumno ó mes 23€.

### CURSO DE NUTRICIÓN E COCIÑA SAUDABLE

O curso terá unha parte teórica e outra parte práctica e os contidos que se tratarán serán os que seguen:

- **Hábitos alimentarios saudables;** importancia das cinco comidas, composición de menús para comidas e ceas, beneficios da inxesta de distintos cereais (quinoa, chía, trigo sarraceno e espelta).
- **Tipos de carbohidratos;** azúcares simples, compostos e a súa importancia na diabetes, hipertensión e obesidade.
- **Lectura da etiquetaxe dos alimentos**



O curso terá unha duración de 12 horas, realizarase os días 19, 26 de abril e 3 e 10 de maio de 19.00 a 22.00 na cociña municipal e terá un prezo de 35€/persoa.

Data na que virá a ITV ao O Rosal:

**CICLOMOTORES:** 10 de marzo de 2017 de 9:00 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 horas diante do Pavillón de deportes

O día 21 de marzo celébrase o **Día Mundial da Poesía**.

Desde o Concello queremos que coñezades algúns poemas escritos por mozos e mozas do Rosal.

### **Tus susurros**

Hay cosas que solo se pueden decir al oído,  
cosas que solo merecen ser susurradas,  
solo eso cosas,  
pero algunas son mas importantes que yo mismo.

Cosas que me hacen temblar,  
susurros que terminan con un suspiro,  
una sonrisa, un beso, una mirada.

Los susurros son mágicos,  
consiguen hacer temblar piernas,  
alzar sonrisas y mostrar almas.

Esos susurros son tuyos,  
los que me hacen alzar la vista,  
sentarme y sonreír,  
vivir mil sonrisas entumecido entre tus caricias.

Autor: Iván

### **Olvido**

Qué alegría  
Poder olvidarte sería, amor  
Qué feliz sería de poder dejar de quererte  
De no tener tu imagen en mi mente  
Ni tan siquiera recordar tu voz

Me gustaría que lo que más pasase de mí  
No fuese el dolor que me provoca verte  
Sabiendo de tu rechazo,  
De tu repudio,  
Sabiendo que hacia mí no van  
Ni irán  
Tus palabras dirigidas

No sabes lo mucho que me dueles  
Ni mucho menos  
Lo mucho  
Que por olvidarte daría

Autor: Marcos

### **Sen título**

Sigo en la calle esperando,  
caminando sin pasar el rato,  
y la manecilla me tiene manía  
ya que parece que va con retraso.

Es la amargura que cose la herida,  
una aguja con insecticida  
que mate a las mariposas  
que tú colocaste en mi barriga.

Sanarán las cicatrices  
de guerras de almohadas,  
de piel erizada,  
de un beso perdido  
impactando en mi espalda.  
Espero al martillo  
que quite este clavo oxidado  
de mi espina dorsal.

Autora: Jeanette

### **Jaque a la primavera**

Era discordante en aquel silencio,  
que la luna era hielo y yo viento  
que intentaba acariciarla  
sin morir en el intento...

Y entre las preguntas,  
pones en jaque mis pensamientos  
matas mis sentidos  
y soy títere de tus marionetas.

Jugaba de lejos a verte entre pestaños,  
tu a besarme con los ojos abiertos.  
Quise ser el fuego que te calentaba en enero...  
Y tu fuiste agosto de por medio,  
dejando a la primavera sin flores

Autor: Sergio

## MARZO

DÍA 4: Celebración do **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER** co espectáculo de baile moderno do Grupo **XAMARAINA**  
Auditorio municipal ás 20:00 h

DÍA 17: **TEATRO** no AUDITORIO MUNICIPAL ás 22:00 h  
A Compañía de Teatro **MALASOMBRA** presenta a obra:

**D.E.P. ....UNHA COMEDIA DE MORTE**

Día 18: **“ MONÓLOGO DE ISI” (TVG)**  
O anecdotario persoal de Isi ficcionalizado  
para facernos rir coas historias mais divertidas da súa vida  
Auditorio municipal ás 22:00 h

Entrada anticipada: 6 €      Entrada en taquilla: 8 €  
Venta de entradas: oficina da Agrupación Musical do Rosal (Auditorio Municipal)

DÍA 25: **O GRUPO DE CINE SANROQUIÑO** de Goián presenta a film longametraxe  
**“SEICA DISQUE”** (elenco goianés)  
Entrada solidaria: 1 kg de alimento non perecedero a beneficio de **SOS TOMIÑO**  
Auditorio municipal ás 20 h

## ABRIL

DÍAS 1 e 2: **1ª MOSTRA DA CAMELIA NO ROSAL**

Sala de exposicións e xardín anexo ao concello  
Sábado pola tarde e domingo durante todo o día

**Obradoiro de esmaltado.** Sábado de 17.00 a 20.00 e domingo de 10.30 a 13.30. 12 persoas por grupo. Prezo 15€/persoa.  
Inscripcións no concello ata o 28 de marzo ou ata encher as prazas.

DIAS 7 e 8: **Audición de Alumnos da Escola de Música** da Agrupación M. do Rosal  
Ás 20 e 20:30 h respectivamente no Auditorio Municipal

DÍA 9: **Andaina** guiada por Ignacio polos montes de Acevedo con visita ós Muíños da Cal. Ruta de **TOURO MORTO**. Dificultade media. Punto de encontro ás 9.00 na Praza do Calvario. Inscripcións no Concello do Rosal no 986 625000 Ext 4.

DÍA 9: Concerto presentación no Rosal do Obradoiro de Canto “Cantares do Brueiro”  
Ás 19:00 h no Auditorio Municipal

DÍA 15: **CONCERTO DE PASCUA** da Banda de Música da Agrupación M. do Rosal  
Ás 20:30 no Auditorio Municipal

DÍA 23: Celebración da **XIV** edición da **FEIRA DO LIBRO**, con importantes descontos na merca de libros, obradoiros e animación infantil.

Praza do Calvario durante todo o día

DÍA 30: **Concerto 31º Aniversario da Agrupación Musical do Rosal**  
Coa participación da Banda de Música e Coral da Agrupación Musical do Rosal e a Coral de San Telmo de Tui  
Ás 20.00 h no Auditorio Municipal do Rosal

## XIV FEIRA DO LIBRO NO ROSAL O 23 DE ABRIL NA PRAZA DO CALVARIO

